

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós

ASISTENTES:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D. Óscar A. Garcia Patiño
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día trece de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións don Juan González Leirós, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr alcalde D. Óscar A. Garcia Patiño e o Sr. concelleiro D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 6 de setembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 6 de setembro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 23 de agosto de 2022, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301D). DOG núm. 170, de 07-09-2022.

- Orde de 5 de setembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se modifica a Orde de 17 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT211B). DOG núm. 174, de 13-09-2022.

- Escrito de don Raúl Varela Fraguio, voceiro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños, rexistrado de entrada co número 202299900004908 o día 12 de setembro de 2022, no que informa que a concelleira dona Sandra Sánchez Vieites estará ausente do termo municipal dende o día 12 ao 19 de setembro de 2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 2 ao 8 de setembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1534/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1569/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1534/2022	02-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de setembro de 2022
1535/2022	02-09-2022	Orde de execución finca con maleza no lugar Muiños de Naya, Sigrás. Prop. SGA
1536/2022	02-09-2022	Orde de execución pola existencia de maleza na parcela sita en Lema 7 Brexo LPMV
1537/2022	02-09-2022	Denuncia a XRL por construción dunha nave industrial sen axustarse á licenza concedida en Isaac Peral, 2- pigno. Espiritu Santo
1538/2022	02-09-2022	Convocatoria e bases para lista de docentes de especialidades Solar-Térmica e Fontanería
1539/2022	02-09-2022	Licenza de rehabilitación de edificación sita no lugar de Canal, nº 15, Cecebre, promovida por ANS
1540/2022	02-09-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LFD
1541/2022	02-09-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar a cantidade máxima anual establecida na ordenanza reguladora. Solicitante: FPV
1542/2022	02-09-2022	Baixa do servizo de axuda no fogar de MMS
1543/2022	02-09-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de MCR
1544/2022	02-09-2022	Baixa no servizo de axuda no fogar de CCG



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1545/2022	05-09-2022	Convocatoria Comisión Especial de Contas para o día 27 de setembro de 2022
1546/2022	05-09-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: TAMP
1547/2022	05-09-2022	Desistimento a solicitude de axuda de emerxencia social de CMPR por non achegar documentación requirida no prazo establecido.
1548/2022	05-09-2022	Desistimento a solicitude de axuda de emerxencia social de IDM por non achegar documentación requirida no prazo establecido.
1549/2022	06-09-2022	Expediente núm. 28/2022 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 ao exercicio 2022
1550/2022	06-09-2022	Conceder a de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida. Solicitante: OBS
1551/2022	06-09-2022	Aprobación xestión padroal do mes de agosto 2022
1552/2022	06-09-2022	Baixa da factura 3063/171 (correspondente ao trimestre primeiro de 2017), pola subministración de auga, rede de sumidoiros, evacuación e depuración , expedida a nome de EPQ
1553/2022	06-09-2022	Avocación de competencias de dona Maria Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dos días 7 ao 9 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos
1554/2022	06-09-2022	Nomeamento conserxe interino Réxime Interior
1555/2022	06-09-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCRG
1556/2022	07-09-2022	Consulta expedientes de contratación codificados 2021/C003/000010 e 2022/C003/000001 e de urbanismo codificados 07/31/95 e 2018/I002/000012
1557/2022	07-09-2022	Orde de execución ramas invaden camiño público San Antón, Anceis. Propietario: JLIV
1558/2022	06-09-2022	Licenza de construción da vivenda en Sobreguexe - Cambre promovido por CJLL
1559/2022	07-09-2022	Orde de execución vexetación vía pública Temple. Propietarios: EOCF, SFB, MBR e RSFB
1560/2022	07-09-2022	Conceder a de axuda de bonotaxi para o exercicio 2022 a MAL
1561/2022	07-09-2022	Celebración voda civil o día 9 de setembro de 2022 ás 13 horas
1562/2022	07-09-2022	Aceptación subvención fondos bibliográficos (programa B)
1563/2022	07-09-2022	Delegación da presidencia das Xuntas de Voceiros
1564/2022	08-09-2022	Tramitación de multas – Resolución de primeiras alegacións
1565/2022	08-09-2022	Tramitación de multas – Resolución Sancionadora
1566/2022	08-09-2022	Tramitación de multas – Acordos de inicio
1567/2022	08-09-2022	Tramitación de multas – Resolución de primeiras alegacións
1568/2022	08-09-2022	Desistencia a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a Y.L.C.
1569/2022	08-09-2022	Proposta de aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2022

4º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Canarga, S.L.” para a execución da obra denominada “Reordenación da Rúa/María Mariño.Cambre” Expediente: 2021/C003/00005
- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)”. Expediente: 2022/C003/00006

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- A) APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PRESENTADO POLA EMPRESA “CANARGA, S.L.” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “REORDENACIÓN DA RÚA/MARÍA MARIÑO. CAMBRE”. EXPEDIENTE: 2021/C003/00005

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de setembro de 2022 (CVD: i4sw8tHVO8ocmY/LwOn5), relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Canarga, S.L.” para a execución da obra denominada “Reordenación da Rúa/María Mariño.Cambre” Expediente: 2021/C003/00005, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/00005 para a contratación da obra “Reordenación da Rúa/María Mariño.Cambre”. Expediente: 2021/C003/00005

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de agosto de 2022 polo que se adjudicou a obra á empresa “Canarga, S.L., asinándose o correspondente contrato con data 01 de setembro de 2022.

Visto que no mesmo acordo designouse como director de obra e responsable do contrato, don Álvaro Vázquez Herreo, enxeñeiro de camiños, canles e potos, colexiado número 12.885, que forma parte do equipo de traballo de CIMARQ, Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o Plan de Seguridade e Saúde elaborado pola empresa adxudicataria “Canarga, S.L.”, e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 07 de setembro de 2022 e número 202099900004851.

Visto o Plan de Xestión de Residuos achegado pola empresa contratista da obra de referencia (rexistro de entrada 202099900004885 con data do 09 de setembro de 2022).

Vistos os informes favorables emitidos con data 09 de setembro 2022 (CVD: eYYHMcbEfaYah4T5f8E1) e (CVD: COiMdMMWIGHFdmTbR2wU) polo Arquitecto Municipal.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, de data 09 de setembro 2022 (CVD: WRA+YMRS2+vmv6Q2v6W) no que consta:

“Visto el plazo de ejecución de la obra de referencia (2 MESES) y el Programa de Trabajo que consta en el proyecto aprobado, y que estos no se han modificado en la oferta presentada por el Contratista, en base a la cual resultó adjudicatario de la obra; en función de la cláusula 18.3 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que han servido para la adjudicación de la misma, como supervisor de esta, propongo:

- Eximir al Contratista de la presentación del Programa de Trabajo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e de conformidade coa cláusula 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Canarga, S.L.” para a execución da obra denominada “Reordenación da Rúa/María Mariño.Cambre”.

Expediente: 2021/C003/00005

Segundo: Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Canarga, S.L.” para a execución da obra denominada “Reordenación da Rúa/María Mariño.Cambre”.

Expediente: 2021/C003/00005

Terceiro: De conformidade có establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto Municipal o 09 de setembro 2022 (CVD: WRA+YMRS2+vmv6Q2v6W) no que confirma que o adxudicatario presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adxudicatario.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “Canarga, S.L.” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese ao Arquitecto Municipal e ao director de obra e responsable do contrato, don Álvaro Vázquez Herreo, de CIMARQ, Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L., para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 19/2022, de data 12/09/2022 (CVD: ysgeT3ZLqPUsQAyj8WuV).

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de setembro de 2022 (CVD: i4sw8tHVO8ocmY/LwOn5), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

- B) APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PRESENTADO POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN O SOUTO, ANCEIS, CAMBRE”, FINANCIADA A TRAVÉS DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MR701 E) DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)”. EXPEDIENTE: 2022/C003/00006

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de setembro de 2022 (CVD: JzD33L/4w/eEs7clIfPw), relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)”. Expediente: 2022/C003/00006, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/00006 para a contratación da obra “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)”.
Expediente: 2022/C003/00006

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de agosto de 2022 polo que se adjudicou a obra á empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.”, asinándose o correspondente contrato con data 01 de setembro de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o Plan de Seguridade e Saúde elaborado pola empresa adjudicataria “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.”, e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 01 de setembro de 2022 e número 202299900004730.

Visto o informe favorable emitido con data 09 de setembro 2022 (CVD: W+3UUxLYFg2K4YcU4aIT polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e de conformidade coa cláusula 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
Expediente: 2022/C003/00006

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de setembro de 2022 (CVD: JzD33L/4w/eEs7cllfPw), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo